



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PREMIO “OTERO PEDRAYO 2023”

Para os efectos oportunos, faise público que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo adoptou, na súa sesión ordinaria do día 24 de marzo de 2023, o acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do Premio Otero Pedrayo 2023, con suxeición ás seguintes cláusulas:

1.- Convocatoria

1.1. Convócase o Premio “Otero Pedrayo 2023”, dotado con dezaseis mil euros (16.000,00 €), segundo as disposicións do regulamento correspondente.

1.2. Esta convocatoria corresponde ao ano 2023, de acordo co disposto no regulamento, no que se establece o seu ámbito autonómico e o seu carácter anual; convócaa cada ano unha das deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, por esta mesma orde.

1.3. Atendendo ás razóns expostas, a convocatoria e concesión do premio, na edición de 2023, atribúeselle á Deputación Provincial de Lugo, que consigna na partida 3340.48900 do seu Orzamento de gastos o importe do premio e os gastos correspondentes á súa organización, e no de ingresos, as sumas que deberán achegar as demais deputacións de Galicia, cotitulares do premio, cunha contía de 2.000,00 € cada unha delas e a Xunta de Galicia, cunha achega de 8.000,00 €.

2.- Obxecto do premio

O premio “Otero Pedrayo” ten por obxecto:

- Perpetuar e honrar a memoria da persoa egrexia no campo das letras e do coñecemento.
- Premiar un labor que constituía unha contribución eminente á cultura galega.
- Promover os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora da súa cidadanía e institucións.

3.- Persoas candidatas

3.1. Poderán optar ao premio:

- As persoas naturais nadas ou residentes en Galicia ou con cumprida raizame nela.
- Os grupos de traballo radicados en Galicia ou constituídos para promover a cultura galega.
- As personalidades ou institucións que se caractericen pola difusión e polo mantemento da cultura galega.

3.2. A opción ao premio determinarase por unha candidatura, que poderá ser feita por:

- Calquera persoa física ou xurídica das sinaladas no apartado 3.1., respecto de si mesmas.
- As entidades académicas e culturais galegas respecto dos seus membros.
- Calquera dos presidentes das deputacións provinciais de Galicia, a proposta das respectivas comisións de Cultura.
- A Xunta de Galicia, oída a Consellería correspondente.
- O mesmo xurado, xa constituído.

4. Tramitación

4.1. A presentación de candidaturas ao premio deberá realizarse preferentemente por medios electrónicos a través do procedemento “trámites xerais” dispoñible no catálogo de servizos da sede electrónica da Deputación de Lugo (<https://sede.deputacionlugo.org/>).

Para a presentación da inscrición, a sede electrónica da Deputación de Lugo admite a autenticación con certificados dixitais, DNle ou co sistema Cl@ve, se ben con este último sistema soamente se pode realizar a identificación, non a firma, polo que non poderá asinar e presentar a solicitude a través de Cl@ve.

Opcionalmente, poderá presentarse a inscrición de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.2. O prazo para a presentación de candidaturas será de tres meses, a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP de Lugo. Esta publicación realizarase tamén nos boletíns oficiais das provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, no DOG e nos diarios de máis difusión da comunidade autónoma.

4.3 Xunto co formulario de presentación de candidaturas as persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

- Recensión biográfica da persoa ou agrupación que aspira ao premio.
- Documentos e antecedentes que se consideren de interese para o coñecemento da súa dimensión literaria ou científica.
- Cinco exemplares do texto do traballo co que se opta ao premio, no caso de que a proposta se basee nunha obra ou produción singular concreta (un único exemplar que se presenta por sede electrónica).
- No caso de agrupacións e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexan e unha relación das tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio.

4.4. A presentación da candidatura determina a aceptación íntegra das condicións desta convocatoria e das contidas no regulamento do premio.

4.5. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do procedemento “trámites xerais”, dispoñible na sede electrónica da Deputación de Lugo (<https://sede.deputacionlugo.org/>), ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.6 No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada que emende as faltas ou presente os documentos preceptivos no prazo de 10 días hábiles e indicárselle que, de non o facer, considerarase que desistiu da súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

4.7 Unha vez rematado o prazo ao que se refire o apartado 4.2, a Secretaría da Deputación de Lugo expedirá unha certificación das propostas presentadas que, xunto con elas e coa documentación correspondente, pasarán ao xurado do premio, para que todos os membros as coñezan con antelación suficiente á reunión de deliberación.

4.8. A cada solicitude ou proposta xuntaránselle cantos documentos se consideren de interese para o mellor coñecemento do/a candidato/a.

5.- Xurado e actuacións

5.1. Para adxudicar este premio constituirase un xurado integrado por:

- Presidencia, o Presidente da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue.
- Vicepresidencia, a persoa titular da presidencia da deputación que convoca o premio, que este ano lle corresponde á Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
 - Os presidentes das tres deputacións restantes, ou persoas nas que deleguen.
 - O presidente da Comisión de Cultura da Deputación que convoca, ou persoa en quen delegue.
 - O conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, ou persoa en quen delegue
 - Unha persoa representante de cada un dos seguintes organismos:
 - a) Universidade de Santiago de Compostela
 - b) Universidade de Vigo
 - c) Universidade da Coruña
 - d) Real Academia Galega
 - e) Instituto “Padre Sarmiento” de Estudos Galegos
 - Cinco persoas de recoñecida autoridade científica e literaria, designadas pola Xunta de Galicia e de cada unha das deputacións.

Procurarase a paridade de xéneros nos membros do xurado.

▪ Secretaría, con voz e sen voto, o Secretario da Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue.

5.2. O xurado constituído emitirá o seu ditame no mes seguinte ao día no que remate o prazo de presentación de candidaturas, e a súa actuación suxeitarase ao disposto nos artigos 4.2 a 4.6 do regulamento do premio.

5.3. Da actuación do xurado e da adxudicación do premio redactarase unha acta detallada que, asinada polos seus membros e coa totalidade das documentacións presentadas, pasará a coñecemento do Pleno da Deputación convocante na primeira sesión que teña lugar.

5.4. A copia da acta e dos demais antecedentes que cumpran para o coñecemento da tramitación do premio remitiránelles ás deputacións de A Coruña, Ourense e Pontevedra.

6.- Entrega do premio

Realizarase no lugar e na data que determine o presidente da Deputación de Lugo, nun acto solemne e coa asistencia dos/as membros da Corporación provincial e do xurado, así como de personalidades das artes, letras e ciencias da comunidade autónoma.

Xunto co premio, a persoa ou entidade galardoada recibirá unha copia da acta da reunión do xurado.

7. Normas supletorias

No que non estea previsto expresamente nestas bases, o xurado e a Deputación convocante terán en conta as normas contidas no regulamento do premio e nos xerais do funcionamento da Corporación provincial, así como na lexislación vixente.

8. Protección de datos

Os datos subministrados teñen a finalidade de tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como polo Regulamento Europeo de Protección de Datos.

O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Lugo, e a base de lexitimación é o consentimento do interesado e o cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos.

Non está prevista a cesión de datos a terceiros, salvo obriga legal.

Os datos conservaranse durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o previsto na normativa de arquivos e documentos.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento das fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente. En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. DEPUTACIÓN DE LUGO deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións. Así mesmo, o interesado ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou a DEPUTACIÓN DE LUGO nun formato estruturado, de uso común e lexible por máquina. Este último dereito quedará limitado polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados por DEPUTACIÓN DE LUGO de xeito automatizado (medios informáticos).

Estes dereitos poderán exercerse perante das oficinas centrais da Deputación sitas na Rúa San Marcos, 8, 27001 Lugo ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo protecciondatos@deputacionlugo.org. Pode consultar a información acerca das actividades de tratamento de datos persoais e do exercicio dos seus dereitos no seguinte enderezo: <https://www.deputacionlugo.gal/gl/lopd>

Lugo, 28 de marzo de 2023.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0915

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo), na sesión plenaria extraordinaria do 27 de marzo do 2023, adoptou o acordo de aprobar o expediente de modificación de créditos (crédito extraordinario e suplemento de créditos), para a execución das actuacións contempladas na memoria de Alcaldía incorporada ó expediente, PLN/2023/3, na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, polo importe total de 74.065,00 euros.

De conformidade co disposto no artigo 177 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o expediente sométese ó trámite de información pública polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, o antedito acordo entenderase definitivamente adoptado.

Baleira, 28 de marzo do 2023.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0916

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Aprobación dun Padrón Fiscal

Expediente número: 122/2023

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de febreiro de 2023

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 20 de marzo de 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de febreiro de 2023, polo importe total de 12.212,26 € (dependencia) e 299,20€ (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 22 de marzo de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 0922

GUNTÍN

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 28/03/2023 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 28/03/2023 aprobou as bases para seleccionar 1 **PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.**

- Modalidade de contratación: o modelo de contrato será laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-Lei 32/2021..
- Duración: 6 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.260,00 € incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de Auxiliar Administrativo/a segundo se recolle nas bases.

- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.guntin.es
- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 28 de marzo de 2023.- Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 0943

LÁNCARA

Anuncio

COBRANZA

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 22 de marzo de 2023, aprobou o padrón de vados correspondente ó exercicio 2023.

O importe total do padrón ascende a 588,00 €, sendo o período voluntario de cobro dende o día 22 de marzo ata o 22 de maio de 2023, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da LXT, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 24 de marzo de 2023.- O alcalde, Darío A Piñeiro López.

R. 0923

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA FEBREIRO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 15.03.2023 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de FEBREIRO 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria notificáanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 06.04.2023 ao 08.06.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros demora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 27 de marzo 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0924

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PÚBLICOS ESCOLAS MÚSICA E DANZA FEBREIRO 2023

Por Xunta de Goberno Local do día 15.03.2023 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de febreiro de 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 03.04.2023 ata o 03.06.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 27 de marzo 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0925

Anuncio

APROBACION PADRÓN TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS - 2ªFRACCION CURSO 2022/2023.

Por Xunta de Goberno Local do día 15.03.2023 aprobouse o padrón pola Taxa prestación do servizo de escolas deportivas- 2ª fracción curso 2022/2023.

De acordo co artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 29.03.2023 ata 29.05.2023

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 27 de marzo 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0926

TRABADA

Anuncio

INFORMACION PÚBLICA DO PADRÓN DE AUGA DO 1º BIMESTRE DE 2023

Por Resolución da Alcaldía núm. 2023-0124 do 27 de marzo de 2023, resólvese a aprobación da Taxa polo abastecemento domiciliario de auga correspondente ao 1º bimestre de 2023, expoñéndose ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

De conformidade co artigo 102.3 la Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria esta publicación ten o carácter de notificación colectiva, podendo as persoas interesadas examinar o expediente e presentar os seguintes recursos:

- O recurso de reposición no prazo de 1 mes dende a publicación do presente anuncio, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de 1 mes, transcurrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a resolución do recurso de reposición, poderase interponer o recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.
- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes.

Os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, fixando como período de cobro voluntario do 03 de abril de 2023 ata o 02 de junio de 2023.

Finalizado o exercicio procederase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda.

Trabada, 27 de marzo de 2023.- Sra. Alcaldesa, Mayra Gracia Bermúdez.

R. 0927

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ORZAMENTOS XERAIS 2023

Definitivamente aprobados os presupostos desta Mancomunidade para o exercicio 2023, segundo acordo acadado pola Asemblea Plenaria desta corporación na súa sesión extraordinaria celebrada o día 22 de febreiro de 2023, ao non se presentaren reclamacións no prazo de exposición ao público anunciado no BOP de Lugo nº 49 do 01/03/2023, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que o devandito Orzamento ascende, tanto en Gastos como en Ingresos, á contía de **CENTO OITENTA E OITO MIL SEISCENTOS SESENTA E DOUS EUROS (188.662,00 €)** correspondendo a cada capítulo as cantidades que se relacionan segundo o seguinte detalle:

RESUME POR CAPÍTULOS

INGRESOS

<u>Capítulos</u>	<u>Denominación</u>	<u>euros</u>
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1.-	Impostos directos.....	0,00
2.-	Impostos indirectos.....	0,00
3.-	Taxas e outros ingresos.....	4.774,00
4.-	Transferencias correntes.....	142.888,00
5.-	Ingresos patrimoniais.....	0,00

B) OPERACIÓN DE CAPITAL

6.- Alleamento de inversións reais.....	0,00
7.- Transferencias de capital.....	41,00,00
8.- Activos financeiros.....	0,00
9.- Pasivos financeiros.....	0,00
TOTAL INGRESOS.....	188.662,00

GASTOS

Capítulos	Denominación	euros
------------------	---------------------	--------------

A) OPERACIÓN CORRENTES

1.- Gastos de persoal.....	106.955,96
2.- Gastos en bens correntes e de servizos.....	38.656,04
3.- Gastos financeiros.....	1.500,00
4.- Transferencias correntes.....	0,00

B) OPERACIÓN DE CAPITAL

6.- Inversións reais.....	41.550,00
7.- Transferencias de capital.....	0,00
8.- Activos financeiros.....	0,00
9.- Pasivos financeiros.....	0,00
TOTAL GASTOS.....	188.662,00

Así mesmo, na referida sesión apróbase o cadro de postos de traballo desta Mancomunidade que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1.986, de 18 de abril, se reproducen a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS / GRUPO / NIVEL C.D. / C. ESPECÍFICO		
SECRETARIO-INTERVENTOR			
- HAB NACIONAL	1	A1/A2	ACUMULACIÓN
TOTAL FUNCIONARIOS DE CARREIRA UN (1)			

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	CUSTO ANUAL €
Interinidade indefinida		
AUXILIAR ADMINISTRATIVO-SERVIZOS XERAIS	1	16.148,93 €
Seg. Social a cargo Corporación		5.175,00 €
TOTAL PERS. LABORAL FIXO (1)		

C) PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	CUSTO ANUAL €
12 meses		
AXENTE DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO	1	32.637,70 €
Seg. Social a cargo Corporación		10.459,07 €
TÉCNICO EN MATERIA TURÍSTICO	1	24.638,87 €
Seg. Social a cargo Corporación		7.896,79 €

TOTAL PERS. LAB. DURACIÓN DETERMINADA. UN (2)

Barreiros, 28 de marzo de 2023.- O PRESIDENTE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.